



Expediente núm.: 10509/2023

Procedemento: S0280 - Contratacións menores de servizos

**Asunto:** EDUSI: ORGANIZACIÓN DE EVENTO Y COMUNICACIÓN A LA CIUDADANÍA OPERACIÓN OT.09\_OE.9.8.2\_ PUESTA EN MARCHA DE UN CENTRO CÍVICO EN EL CASCO ANTIGUO DEL CONCELLO DE PONTEAREAS.

**Data de apertura:** 02/12/2023

## RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DUN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS

### ANTECEDENTES

- Proposta de gasto e informe de necesidade de contratación do servizo, emitida pola Concellería de Comunicación Institucional, en data 04/12/2023, na que se motiva a necesidade de contratar o servizo EDUSI: COMPRA DE ESPACIOS PUBLICITARIOS OPERACIÓN OT.09\_OE.9.8.2\_ PUESTA EN MARCHA DE UN CENTRO CÍVICO EN EL CASCO ANTIGUO DEL CONCELLO DE PONTEAREAS. , por importe de 10.000 € IVE excluído, a favor de DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL con NIF B36562445.

O contido literal de dita proposta e o que segue:

“(…)”**ANTECEDENTES**

### ANTECEDENTES

1º.- O 17 de decembro de 2015 publícase a Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (actualmente Programa Operativo Plurirexional de España, POPE).

2.- O 3 de outubro de 2016 publícase Resolución do 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (POPE), convocadas por Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro.

En dita resolución, comunícase que a Estratexia DUSI do Concello de Ponteareas, denominada Ponteareas Hábitat Saudable, foi seleccionada e outorgóuselle unha axuda FEDER de 5.000.000,00 €, que corresponde ao 80,00% dunha estratexia de 6.250.000,00 €.

3º.- Como Organismo Intermedio Lixeiro, o Concello de Ponteareas debe cumprir coa normativa comunitaria sobre información e publicidade que é de aplicación, correspondente ao período de programación 2014-2020, que está contida, entre outros, no Regulamento (UE) núm.1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello (artigos 115 e seguintes do capítulo II do Título III, así coma o anexo XII), e no Regulamento (UE) núm. 821/2014, da Comisión.





4º.- A tal efecto, o Concello de Ponteareas ten elaborado a planificación do gasto en comunicación da Estratexia DUSI "Ponteareas Hábitat Saudable" (en adiante, plan de comunicación), que a Autoridade de Xestión validou en data 15/02/2022, e que inclúe a relación de boas prácticas que se presentarán no marco da referida Estratexia.

5º.- Considerando o antedito, o Concello de Ponteareas ten a intención de executar as actuacións contidas no plan de comunicación que corresponden coa boa práctica denominada BP10: *Rehabilitación de las plantas primera y segunda del edificio núm. 39 de la Plaza Mayor, para su uso posterior como Centro Cívico, con espacios para exposiciones y para reuniones y actividades de asociaciones vecinales*" (en adiante, BP10), por importe de 14.190,00 € (IVE incluído)

BP10	<i>Actuación: "Rehabilitación de las plantas primera y segunda del edificio núm. 39 de la Plaza Mayor, para su uso posterior como Centro Cívico, con espacios para exposiciones y para reuniones y actividades de asociaciones vecinales"</i>	
	<i>Elementos da campaña de comunicación</i>	<i>Custe</i>
1	<i>Micro videos para redes sociais</i>	1.000 €
2	<i>Evento de rúa coa cidadanía</i>	10.000 €
3	<i>Merchandising</i>	750 €
4	<i>Cuñas en radio local</i>	1.815 €
5	<i>Cartel temporal de obra</i>	500 €
6	<i>Placa permanente</i>	125 €
<b>TOTAL</b>		<b>14.190,00 €</b>

Así mesmo, executaranse outras actuacións de comunicación específicas, nas que a cidadanía participará contado o impacto que a execución das actuacións, financiadas polo FEDER,

6º.- Considerando o horizonte temporal para a execución de dita operación, ás actuacións contidas no plan de comunicación que corresponden coa BP10 deberá terse completado, en todo caso, antes do 15/12/2023.

7º.- Neste marco, o Concello de Ponteareas pretende executar o elemento "**Evento de rúa coa cidadanía**" da antedita campaña.

8º.- Á vista de que o Concello de Ponteareas non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para executar a prestación anteriormente descrita, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é axeitada para o fin perseguido.

9º.- Visto o documento "PROPUESTA DOS ESPACIOS - CONCELLO PONTEAREAS", que contén a proposta económica para o elemento "**Evento de rúa coa cidadanía**" da **campaña de comunicación**, emitido por DOS ESPACIOS, con NIF B36562445, sendo o custe do servizo que se pretende contratar de 8.264,46€, que xunto a 1.735,54€ en concepto de IVE (tipo do 21,00%), fan un total de 10.000 €.

10º.- Considerando as características do servizo que se pretende contratar e que se trata dunha necesidade puntual e non periódica, cuxa duración prevese inferior ao ano, proponse





*executar dito gasto mediante o procedemento máis axeitado, que neste caso é o do contrato menor de servizo.*

*11º.- De acordo coas bases de execución do orzamento municipal vixente, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior aos 9.000,00 €, IVE excluído, a proposta de adjudicación que de seguido se realiza atende, neste caso, a un criterio único de idoneidade, considerando que o suxeito proposto conta coa capacidade de obrar suficiente e coa habilitación profesional necesaria, conforme ao disposto no artigo 131.1 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.*

*Con todo, de xeito previo, o suxeito proposto deberá declarar responsablemente non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición de contratar, conforme ao anexo que se achegará, e deberá asemade, aportar certificados de non ter débedas con Hacienda, Facenda, Administración Local e Seguridade Social, así como a alta no Imposto de Actividades Económicas.*

- **Retención de crédito de data 04/12/23 por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 / 0 / 92900 / 2276013 / 01 .**
- Documentación presentada e declaración responsable en relación á habilitación profesional e ausencia de prohibición de contratar.

Examinada a documentación que obra no expediente, atendendo ao establecido no artigo 118 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, de conformidade coa proposta que obra no expediente,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Adjudicar a DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL con NIF B36562445. o contrato menor de servizo de EDUSI: ORGANIZACIÓN DE EVENTO Y COMUNICACIÓN A LA CIUDADANÍA OPERACIÓN OT.09\_OE.9.8.2\_ PUESTA EN MARCHA DE UN CENTRO CÍVICO EN EL CASCO ANTIGUO DEL CONCELLO DE PONTEAREAS, que obra no expediente, por un prezo de 8.264,46€, que xunto a 1.735,54€ en concepto de IVE (tipo do 21,00%), fan un total de 10.000 €.

**SEGUNDO.** Aprobar e dispoñer o gasto de 10.000 €. con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda.

**TERCEIRO.** A empresa adjudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e especialmente as seguintes:

a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.

b) En toda difusión pública ou referencia as actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), se deberán incluír de modo destacado





os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade cas normas gráficas establecidas, así como referencia á Unión Europea y ao Fondo Europeo de Desarrollo Regional, incluíndo o lema “Una manera de hacer Europa”.

**CUARTO.** Establecer o seguinte réxime de pagamento: 100,00% do prezo (3.630,00 €) á finalización da prestación contratada.

A factura electrónica, a través de FACe, deberá dirixirse en relación ao seguinte DIR3:

CONCELLO DE PONTEAREAS NIF: P3604200J	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
	L01360427	L01360427	L01360427

A factura para ser considerada correctamente cumprimentada deberá incluír:

- Lugar e data de emisión.
- Número e no seu caso, serie.
- Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- Órgano que celebra o contrato, con identificación de súa dirección e número de identificación fiscal (Concello de Ponteareas).
- Prezo do contrato (con desenglobe do IVE).
- Descrición pormenorizada do obxecto do contrato.
- Xunto coa descrición da prestación, se debe incluír a seguinte lenda:

#### FONDOS FEDER

Fondo Europeo de Desarrollo Regional. Una manera de hacer Europa

EDUSI HABITAT SAUDABLE, Concello de Ponteareas

**QUINTO.** Notificar a resolución de adjudicación ao adjudicatario e dar traslado ao departamento de Intervención.

**SEXTO.** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adjudicatario, o importe de adjudicación, xunto coa separación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**SÉTIMO.** Nomear como responsábel do contrato a Don Carlos Ojea Vidal.

**OITAVO.** Establecer o seguinte prazo de execución: a prestación deberá completarse, en todo caso, o día de inauguración do Centro Cívico .

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

